



O APROVEITAMENTO DO RECURSO MICOLÓXICO COMO OPORTUNIDADE DE DESENVOLVEMENTO RURAL NOS MONTES VECIÑAIS DE GALIZA

Damián Copena Rodríguez¹; Xavier Simón Fernández² e David Pérez Neira³

¹ *Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía. Universidade de Vigo. decopena@uvigo.es*

² *Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía. Universidade de Vigo.*

³ *Universidade de León.*

Introdución

O territorio galego está composto fundamentalmente por espazos de carácter forestal. Uns montes que contan cunha importante riqueza micolóxica con valor de mercado. Certamente, os fungos, que compren funcións moi importantes para o equilibrio dos ecosistemas e o mantemento da biodiversidade, tamén poden ser un recurso que xere rendas que axuden a fortalecer ás comunidades locais que viven no mundo rural.

Nese senso, dado o réxime de propiedade do monte en Galiza, as propiedades colectivas artelladas nas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, son axentes da máxima relevancia. Estas entidades comunitarias están a comezar a desenvolver diversas iniciativas de aproveitamento do recurso micolóxico a partir do aproveitamento sustentable dos seus recursos propios. Estas experiencias colectivas enmárcanse dentro dunha visión multifuncional do monte na que se contemplan diferentes niveis que deben de coexistir (social, ecolóxico e económico) e que considera o monte como un espazo que vai máis aló da simple plantación de árbores de crecemento rápido.



O presente artigo analiza esta cuestión, comezando cunha achega sobre a micoloxía e o desenvolvemento rural para, posteriormente, introducir o marco regulador dos aproveitamentos micolóxicos en Galiza, presentando finalmente as diferentes modalidades existentes e amosando estudos de caso concretos de aproveitamentos micolóxicos que se están a desenvolver por parte de entidades comunitarias nos montes galegos.

Propiedade comunitaria, micoloxía e desenvolvemento rural

Galiza tende a considerarse como un país tradicionalmente micófono, aínda que dende antigo téñense consumido nas zonas rurais algunhas especies de cogumelos como a zarrota (*Macrolepiota procera*). Sen embargo, o interese xeneralizado polo mundo dos cogumelos e o seu aproveitamento económico é algo relativamente recente no tempo. Nas últimas décadas, cando chega o outono, moitas persoas percorren os montes e os prados galegos na procura dalgúns especies de cogumelos comestibles, para o seu autoconsumo ou para a venda a distribuidores¹.

O territorio galego conta cunhas condicións idóneas para os cogumelos silvestres. Así, existe en Galicia unha importante superficie forestal, concretamente no ano 2014 esta superficie ascendía a 1.926.097 has, o 65% da superficie total. Destas hectáreas, a meirande parte, unhas 1.340.000 has, están arborizadas o que resulta relevante para os posibles aproveitamentos micolóxicos, sobre todo os vinculados con fungos micorrízicos.

Outra cuestión fundamental é o réxime de propiedade do monte galego. Nel escasea a superficie pública, con apenas o 2%, e resulta moi relevante a propiedade colectiva, existindo 3.215 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC), que suman case 670.000 hectáreas no ano 2012² o que representa perto do 30% da superficie de monte e o 22,5% do total de superficie. Estas propiedades comúns, que escapan do grave problema do minifundismo do monte privado convencional³, poden ser actores clave para o desenvolvemento rural tal e como acontece noutros lugares de Europa (Bassi e Carestiato, 2016) e, nomeadamente, para o aproveitamento dos fungos silvestres.

As CMVMC contan cunha lexislación específica que as regula. Así, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común⁴ e o Decreto 260/1992, do 4 de

1 No texto imos referirnos aos aproveitamentos dos cogumelos silvestres, sen embargo tamén é preciso sinalar que os procesos de cultivo de diversos fungos saprófitos comezan a agromar en novas iniciativas produtivas das entidades comunitarias galegas. Do mesmo xeito, as posibilidades dos aproveitamentos micolóxicos non se centran soamente na regulación da recolección dos cogumelos silvestres ou na opción do cultivo dalgúns deles; tamén existen outras iniciativas, que poden ser complementarias a un acoutamento micolóxico pero que no van ser tratadas neste artigo, como as relacionadas co micoturismo e coa micograstronomía. Neste senso os roteiros interpretativos relacionados coa micoloxía, as actividades educativas de recoñecemento de fungos e as actividades gastronómicas relacionadas co mundo fúnxico son opcións a considerar por parte dos propietarios veciñais.

2 Consellería do Medio Rural de do Mar (2012). Rexistro dos montes veciñais en man común http://www.medioruralembar.xunta.es/es/institucional/estadisticas/medio_rural/montes_veciniais_en_man_comun/

3 Cómpre sinalar tamén que o tamaño medio dos MVMC é de en torno ás 230 Ha (Marey-Pérez et al., 2010) o que lles permite o desenvolvemento de aproveitamentos extensivos en superficie.

4 Diario Oficial de Galicia nº. 202, do 20/10/1989



setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común⁵ son os textos lexislativos fundamentais para as propiedades comunitarias galegas. Estas normas de carácter autonómico indican que “o aproveitamento e desfrute dos montes veciñais en man común corresponde exclusivamente á comunidade titular e farase segundo as normas recollidas nos seus estatutos, na lei e neste regulamento, e sen prexuízo das normas xerais da Lei e Regulamento de montes”.⁶

Neste contexto, os novos ámbitos de xeración de recursos económicos vinculados coa micoloxía teñen comezado a ser considerados nos últimos anos polas entidades de propiedade comunitaria como oportunidades económicas de interese. Certamente, a produción de cogumelos é moi importante en Galiza, ascendendo segundo os datos da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible (2001) a uns 45 quilos por hectárea ao ano en monte arborado adulto, cunha valoración superior ós 12 millóns de euros anuais.

Entre toda a riqueza fúnxica existente hai algunhas especies comestibles que contan con interese comercial e cunha importante demanda (Voces *et al*, 2012). Un adecuado aproveitamento destes recursos, podería supor rendas adicionais relevantes para as poboacións do rural tal e como acontece nalgúns países europeos como Finlandia (Cai *et al*, 2010) ou noutros lugares do mundo como USA (Pilz e Molina, 2002). Efectivamente, especies como o fungo da muña (*Lactarius deliciosus*), a Cantarela (*Cantharellus cibarius*), a lingua de ovella (*Hydnum repandum*), as trompetas (*Cantharellus tubaeformis*), e principalmente varias especies de ándoas (*Boletus edulis*, *Boletus pinnicola*, *Boletus aereus*), etc; teñen unha importancia comercial e son moi buscados e apreciados. Ate o momento, tal e como indican Cai *et al* (2011) existen en Europa poucos estudos sobre a actividade económica da recolección de cogumelos silvestres e aínda existe menos información se a análise se vincula directamente cos propietarios dos montes comunitarios, a pesares da importancia relativa coa que contan nalgúns espazos xeográficos.

Cómpre tamén ter en conta que algunhas das zonas máis produtivas para os fungos atópanse en lugares rurais con importantes problemas socioeconómicos e ambientais. O avellentamento da poboación, o abandono de núcleos de poboación no rural e das actividades agrogandeiras relacionadas co manexo tradicional do monte, están a provocar multitude de problemáticas ambientais. A posta en valor deste recurso micolóxico pode, por exemplo, ser clave para loitar contra a praga dos lumes forestais; xa que para fornecer as producións de cogumelos silvestres faise necesario ter unha xestión axeitada dos montes. Así, compre realizar traballos silvícolas que permitan camiñar polos terreos forestais ou simultanear as producións forestais coas silvopastoris ou de obtención de froitos. Certamente, os montes nos que se aproveita o recurso micolóxico soen estar

5 Diario Oficial de Galicia nº 186, do 23/09/1992

6 Artigo 48.1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e artigo 21 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común



ordenados e neles se realizan periodicamente traballos de roza do mato para tratar de fomentar a obtención dos cogumelos. Neste sentido na actualidade hai propietarios que están a realizar plantacións de árbores micorrizadas e/ou a micorrizar árbores adultas⁷, principalmente castiñeiros e piñeiros, para tratar de aproveitar nuns anos as producións fúnxicas que estas árbores poidan potencialmente proporcionar.

Marco normativo do aproveitamentos dos cogumelos silvestres en Galiza

Os cogumelos silvestres que agroman no monte son propiedade dos seus lexítimos donos, tal e como queda claro na vixente Lei de Montes de Galiza do 2012 que reflicte que “a persoa titular do monte é o propietario dos recursos forestais que nel se producen, tanto madeireiros como non madeireiros, incluíndo, entre outros, (...) os cogumelos (...) e ten dereito ao seu aproveitamento, que se realizará con suxeición ás prescricións desta lei e ás disposicións que a desenvolvan”⁸.

Este aproveitamento esta lexislado na comunidade galega desde fai apenas dous por unha norma que regula, entre outros, os aproveitamentos micolóxicos. Referímonos ao Decreto 50/2014, do 10 de abril, *polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal*⁹. Esta regulación autonómica chega moito máis tarde que noutros lugares do Estado como Valencia¹⁰, Aragón¹¹, Castela e León¹² ou Álava¹³ que contan con Decretos ou Ordes que regulan os aproveitamentos micolóxicos nos seus montes desde finais dos anos noventa¹⁴.

O Decreto 50/2014 define o aproveitamento micolóxico como “toda recolleita de fungos en montes ou terreos forestais que se realiza con algunha das seguintes finalidades: doméstica, científica ou didáctica e comercial” delimitando tres clases de aproveitamentos entre os que se atopan os comerciais “aqueles aproveitamentos a través dos cales a

7 Por exemplo na Comarca do Val Miñor existen varias Comunidades de Montes como a de Vincios ou a de Couso que teñen realizado estas prácticas de fomento do recurso micolóxico.

8 Artigo 84 da LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

9 Pódese consultar no seguinte enlace web: http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140507/AnuncioG0165-250414-0004_gl.html

10 Orde do 16 de setembro de 1996 pola que se regula a recolección de setas e outros fungos no territorio da Comunidade Valenciana

11 Decreto 166/1996, de 29 de agosto, del Gobierno de Aragón, por el que se regula el método de recolección de setas en los montes propios de la Diputación General de Aragón y en los declarados de utilidad pública.

12 Decreto 130/1999, de 17 de junio, por el que se ordenan y regulan los aprovechamientos micológicos, en los montes ubicados en la Comunidad de Castilla y León.

13 Decreto Foral 89/2008, del Consejo de Diputados de 14 de octubre, que regula la ordenación de los aprovechamientos de hongos, plantas, flores y frutos silvestres.

14 Tamén resultan de moito interese proxectos que se desenvolven desde as Administracións Públicas, sendo destacado o caso de Castela e León con iniciativas como o Proxecto MYAS, o MYAS-RC que está a tentar valorizar os cogumelos que se venden mediante a creación da Marca de Garantía de Calidade “Setas de Castilla y León». <http://www.micocyl.es>



persoa propietaria ou xestora do monte ou terreo forestal pretenda obter un rendemento económico ou lucrativo ao seu favor". Deste xeito, as persoas propietarias de montes teñen dereito a coutar as súas propiedades, orientado á viabilidade e ao mellor aproveitamento micolóxico, debendo para elo sinalizar no recinto coutado e nos accesos principais ao monte a existencia dun aproveitamento micolóxico restrinxido e que está prohibida a recolla de cogumelos sen autorización da xestora dos montes. Este Decreto tamén establece por primeira vez para o territorio galego normas de recollida e prácticas prohibidas.

Alén de regulación autonómica existe xa normativa de carácter municipal específica para os aproveitamentos micolóxicos que poden afectar aos propietarios veciñais. Así, noutros lugares do Estado existen Ordenanzas Municipais que regulan os aproveitamentos micolóxicos a nivel local, principalmente nos montes de titularidade pública. Algúns exemplos son os de Gudar (Teruel)¹⁵, San Martín de Galvarín no Condado de Treviño (Burgos)¹⁶ ou no de Ejulve (Teruel)¹⁷. No caso galego só existe un exemplo similar, concretamente a Ordenanza reguladora do aproveitamento micolóxico no termo municipal da Veiga¹⁸. Esta Ordenanza establece taxas para autorizacións de recollida diferenciando entre diarias, de fin de semana e anuais e entre autorizacións turísticas e foráneas, con contías que van desde os 6 ate os 200 euros.

As opcións para o aproveitamento dos cogumelos silvestres

Os propietarios dos montes veciñais de Galiza teñen potencialmente varias opcións á hora de valorizar o recurso micolóxico existente nos seus montes vinculadas coa recollección dos cogumelos tal e como teñen sinalado Martínez (2003) e Castro (2014):

1. *Aproveitamento polo cobro de permisos de recolección (Acoutamento aberto)*: Esta opción consiste en facer un acoutamento da superficie do monte. No perímetro do terreo acoutado indícase que se está nun couto micolóxico e que só se permite a recolección ás persoas que dispoñen de permiso para facelo. Esta opción, que está bastante estendida noutros lugares do Estado, permite a obtención das rendas que deixan as persoas que teñen interese en recoller cogumelos de xeito recreativo. O normal é por unha cota por día, fin de semana ou temporada de recolleita de cogumelos. Nesta clase de acoutamentos regúlanse as cantidades máximas por especie e día así como se soen definir unha "boas normas" para a recolección co obxecto de fomentar a perdurabilidade do recurso micolóxico.

15 Como é o caso de Gudar en Teruel. Boletín Oficial de Teruel do 9 de agosto de 2004

16 Boletín Oficial de Burgos do 20 de febreiro de 2008

17 Boletín Oficial de Teruel do 31 de decembro de 2004

18 Aprobada polo Concello da Veiga na sesión plenaria ordinaria do 27/06/12. (BOP Ourense do 24 xullo 2012). <https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=169&fecha=20120724>



2. *Aproveitamento polo recolección dos cogumelos (Acoutamento pechado)*: Os propietarios do monte poden decidir que van a ser eles os que traten de aproveitar os recursos fúnxicos que se xeran nos seus terreos. Neste caso tamén se anuncia no perímetro do monte que está prohibida a recolección dos cogumelos. En Galiza xa se están a desenvolver esta clase de iniciativas. Deste xeito, algunhas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) das provincias de Lugo e Ourense, e tras acordo da Asemblea, están, como veremos posteriormente, a xestionar os seus recursos micolóxicos mediante o acoutamento das súas propiedades e a recollida dos cogumelos polas persoas comuneiras.
3. *Aproveitamento por adxudicación a unha empresa recoleitora*: consiste en adxudicar a recolección dos recursos micolóxicos a unha empresa especializada neste ámbito a cambio dunha renda pola exclusividade no manexo do recurso. Neste caso tamén é preciso establecer unhas boas prácticas para a recolección (tamaños mínimos, ferramenta axeitada, etc).



Figura 1: Exemplo de acoutamento micolóxico pechado en Galiza en Labrada (Abadín).

Fonte: Elaboración propia

Iniciativas de aproveitamentos micolóxicos nos montes veciñais galegos

No territorio galego, ate o momento, a opción máis estendida de aproveitamento dos cogumelos silvestres é a do couto pechado no que as persoas comuneiras aproveitan o recurso micolóxico. Esta modalidade de aproveitamento, que está regulada desde a



aprobación do Decreto 50/2014, estase desenvolvendo recentemente en moitas CMVMC. Sen embargo, estas iniciativas non son nin moito menos as primeiras. Resulta de interese coñecer que o acoutamento dos montes veciñais para o aproveitamento micolóxico xa ten sido desenvolvido moito antes da existencia deste marco regulador por parte das Comunidades de Montes galegas, principalmente en áreas de Lugo e de Ourense. Efectivamente, en montes veciñais do interior galego en concellos como Abadín, Guitiriz, Mondoñedo ou Riós hai exemplos de Comunidades que decidiron de forma libre en asemblea acoutar o seu monte para o aproveitamento dos recursos micolóxicos e que xa levan un percorrido de máis dunha década.

Un bo exemplo desta aposta polo acoutamento micolóxico é o da CMVMV de Figueiras (Mondoñedo), entidade veciñal composta por un total de 23 persoas comuneiras cunha media de idade elevada. Efectivamente, as comuneiras e comuneiros da CMVMC de Figueiras reunidos en asemblea decidiron por unanimidade, con data de 12 de marzo de 2006, a conveniencia de limitar a recollida de cogumelos do territorio do Monte Veciñal aos veciños e veciñas da propia parroquia baseándose na Lei de Montes Veciñais en Man Común. Esta decisión xurde da necesidade de manter o recurso no tempo, xa que as persoas comuneiras estaban notando que cada vez ía máis xente a recoller cogumelos e que o recurso se estaba resentindo pola sobreexplotación e polas malas prácticas que realizaban algunhas persoas. A concepción conservacionista do recurso común de Figueiras ven derivada do feito de que na meirande parte das casas desta parroquia se apañan cogumelos para a súa venda durante a campaña. Certamente, a necesidade de manter no tempo o recurso e a posibilidade de que as persoas de Figueiras, moitas delas de idade avanzada e con pouca entrada de ingresos, poidan beneficiarse economicamente dun recurso propio existente grazas á xestión dos seus montes, fixeron necesario o acoutamento do monte por parte da CMVMC.

A recolleita e a comercialización dos cogumelos dentro das 1.068 Has propiedade da veciñanza faise de xeito individual por parte das persoas comuneiras, tal e como acontece na práctica totalidade dos acoutamentos pechados coñecidos polos autores. Esta eiva á hora de facer unha comercialización común debilita a capacidade de obter maiores prezos polos fungos recolleitados. No seguinte cadro pódese observar as especies, valores medios de venda e unha estimación das cantidades recollidas por persoa comuneira en Figueiras.



Cadro: Caracterización dos cogumelos recolleitados no Monte Veciñal de Figueiras

Nome común da especie	Nome científico	Prezo medio de venda (€/Kg)	Cantidade media de recolección por comuneiro (kgs/tempada/ano)
Andoa, Boletto	<i>Boletus edulis</i>	6-10(*)	200-300
Fungo da muña, Níscalo	<i>Lactarius deliciosus</i>	4-6	200
Língua de vaca	<i>Hydnum repandum</i>	3-4	n.d.
Trompetas	<i>Cantharellus tubaeformis</i>	3	n.d.
Cantarela	<i>Cantharellus cibarius</i>	6	n.d.
Zarrota, choupín	<i>Macrolepiota sp.</i>	1	n.d.
	<i>Xerocomus badius</i>	n.d.	n.d.
Fariñeira, Muiñeira	<i>Clitopilus prunulus</i>	n.d.	n.d.
Rúsula	<i>Russula vesca</i>	n.d.	n.d.

Fonte: Simón e Copena (2012).

(*)Para a 1ª categoría nas que os *Boletus* teñen que ter o pé consistente e o himenio de cor branca. Para a segunda categoría o prezo por Kg é de tan só un euro.

A innovación na regulación dos recursos micolóxicos propios cos que contan as entidades veciñais deu un chanzo máis en Comunidades de Montes que decidiron acoutar o seu monte dentro dos requerimentos que establece a agricultura ecolóxica. Certamente, existen xa dúas CMVMC que contan con parte do seu monte certificado polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Concretamente, a CMVMC de As Negradas (Guitiriz) e a CMVMC de Carballo (Friol). A primeira destas Comunidades contan coa certificación ecolóxica para a colleita de *Boletus aereus*, *Boletus edulis*, *Cantharellus cibarius*, *Hydnum repandum* e *Russula xerampelina*¹⁹. A CMVMC de Carballo ten certificada a colleita no seu monte de *Boletus edulis*, *Boletus pinophilus*, *Cantharellus cibarius*, *Hydnum repandum* e *Lactarius deliciosus*²⁰. A citada Comunidade de Montes do concello de Friol está a dar máis pasos para fortalecer os seus aproveitamentos micolóxicos avanzando cara a unha venda directa conxunta dos cogumelos recollidos no monte veciñal. Neste senso, teñen realizado no ano 2015 as primeiras tarefas de venda directa no Concello de Lugo con establecementos de consumo de produtos ecolóxicos conseguindo incrementar notablemente o prezo²¹. Certamente esta é unha posibilidade legal para os propietarios veciñais. Así, o Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a

19 Tal e como consta no Certificado de Conformidade 516/2015 realizado polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia

20 Tal e como consta no Certificado de Conformidade 555/2015 realizado polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

21 Para os *Boletus edulis* acadaron prezos de entre 8 e 10 euros/kg para 1ª categoría no ano 2015, cando coa venda a intermediarios estaban roldando o ano anterior os 3-4 euros/kg.



venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final²², ofrece novas oportunidades para as Comunidades recolectoras de cogumelos silvestres. Esta regulación posibilita a venda directa sen rexistro sanitario dun máximo de 500 kg de cogumelos que terán que cumprir as condicións establecidas polo Real decreto 30/2009, do 16 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias para a comercialización de cogumelos para uso alimentario²³.

A CMVMC de Carballo, que comezou co proceso de certificación ecolóxica no ano 2013, aposta tamén pola posibilidade de que outras persoas (alén dos comeneiros) poidan acceder ao monte de xeito controlado (modalidade de couto micolóxico aberto). Deste xeito, a Comunidade fai dúas clases de tarxetas para a xente que quere apañar os cogumelos no seu monte: unha para aproveitamento comercial cun custe de 50 euros/ano e outra para aproveitamento para consumo propio cun custe de 10 euros/ano²⁴. Esta regulación está vinculada coa necesidade de establecer un control das persoas que van ao monte a recoller os cogumelos, xa que existían problemáticas previas coa sobreexplotación do recurso. A Comunidade dentro da lóxica regulatoria establecida tamén definiu unhas pautas de recolida para os cogumelos do seu monte tratando de fomentar as boas prácticas e a perdurabilidade do recurso micolóxico ao longo do tempo.

Conclusiones

Os montes galegos contan cunha importante riqueza micolóxica. As grandes extensións de superficie de monte forestada con especies de coníferas e frondosas favorecen a existencia de cogumelos silvestres principalmente nos meses de outono. Toda esta riqueza fúnxica está comezando a ser aproveitada polas Comunidades de Montes, entidades colectivas que xestionan en torno a un terzo do monte galego.

A regulación do aproveitamento micolóxico por parte das comunidades rurais que xestionan os montes veciñais está a ser desenvolvida ao abeiro da nova regulación autonómica, aínda que tamén existen interesantes exemplos pioneiros cunha traxectoria temporal de máis de 10 anos en varios puntos de Galiza. As rendas que perciben as persoas comeneiras pola venda dos cogumelos en Mondoñedo, Friol ou Riós constitúen un importante ingreso para as poboacións destes espazos xeográficos. Efectivamente, as iniciativas de aproveitamento dos cogumelos silvestres que se están a desenvolver con éxito por propietarios dalgúns montes de Galiza son exemplos reais de que este recurso pode xerar rendas coas que fixar poboación, fomentar a correcta xestión dos montes e mellorar o nivel de vida no rural.

22 http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140930/AnuncioG0165-230914-0002_gl.html

23 https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2009-1110

24 Esta tarxeta de recolección é para cantidades de cogumelos cun máximo diario de 2 kg/persoa, en consonancia do establecido no Decreto 50/2014.



Nese senso, iniciativas recentes como a da venda directa de cogumelos ecolóxicos certificados por parte de Comunidades de Montes como a de Carballo en Friol, poden ser un paso máis cara conseguir a garantía do mantemento do recurso e a maximización das rendas obtidas pola venda dos fungos silvestres.

Bibliografía

- A Veiga (2011). *Ordenanza reguladora do aproveitamento micolóxico no termo municipal da Veiga*. Boletín Oficial da Provincia de Ourense do Martes, 15 novembro de 2011. <https://bop.depourense.es/>
- Álava (2008). *Decreto Foral 89/2008, del Consejo de Diputados de 14 de octubre, que regula la ordenación de los aprovechamientos de hongos, plantas, flores y frutos silvestres*. Boletín Oficial do Territorio Histórico de Álava do Mércores, 22 de outubro de 2008.
- Aragón (1996). *Decreto 166/1996, de 29 de agosto, del Gobierno de Aragón, por el que se regula el método de recolección de setas en los montes propios de la Diputación General de Aragón y en los declarados de utilidad pública*. Boletín Oficial de Aragón do 11 de setembro de 1996.
- Bassi, I. e Carestiato, N. (2016). *Common property organisations as actors in rural development: a case study of a mountain area in Italy*. International Journal of the Commons. Vol. 10, no 1 2016, pp. 363–386.
- Burgos (2008). *Ordenanza reguladora por la que se regulan los aprovechamientos micológicos en la localidad de Galvarin, Condado de Treviño*. B.O. de Burgos do 20 de febreiro de 2008.
- Cai, M.; Pettenella, D. e Vidale, E. (2010). *Income generation from wild mushrooms in marginal rural areas*. Forest Policy and Economics 13 (2011) 221–226.
- Castela e León (1999). *Decreto 130/1999, de 17 de junio, por el que se ordenan y regulan los aprovechamientos micológicos, en los montes ubicados en la Comunidad de Castilla y León*. B.O.C. y L. n.º 119 do 23 de xuño de 1999.
- Castro, Marisa (2014). *Aproveitamento micolóxico sustentable nos montes galegos en Simón Fernández, X. e Copena Rodríguez, D. Propostas agroecolóxicas ao industrialismo. Recursos compartidos e respostas colectivas*. GIEEA. Vigo.
- Comunidade Valenciana (1996). *Orde do 16 de setembro de 1996 pola que se regula a recolección de setas e outros fungos no territorio da Comunidade Valenciana*. DOGV nº 2.870 do 15 de novembro de 1996.



- Consellería de Medio Ambiente (2001). *O monte galego en cifras*. http://mediorural.xunta.gal/institucional/publicacions/forestal/o_monte_en_cifras
- Consellería do Medio Rural de do Mar (2012). *Rexistro dos montes veciñais en man común*. http://www.mediatoruralemar.xunta.es/es/institucional/estadisticas/medio_rural/montes_vecinais_en_man_comun/
- Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (2016). *Productos e operadores certificados*. <http://www.craega.es>
- Galicia (1989). *Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*. DOG nº. 202, do 20 de decembro do 1989.
- Galicia (1992). *Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*. DOG nº 186, do 23 de setembro do 1992.
- Galicia (2012). *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*. http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120723/AnuncioC3B0-050712-0001_gl.html
- Galicia (2014). *Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final*. http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140930/AnuncioG0165-230914-0002_gl.html
- Marey-Pérez, M.F. Gómez-Vázquez, I e Díaz-Varela, E. (2010). *Different approaches to the social vision of communal land management: the case of Galicia (Spain)*. Spanish Journal of Agricultural Research 2010 8(3), 848-863.
- Martínez Peña, F. (2003). *Producción y aprovechamiento del Boletus edulis en un bosque de Pinus sylvestris. Bases para la ordenación y valoración económica del recurso micológico forestal*. Junta de Castilla y León.
- Ministerio da Presidencia (2009). *Real Decreto 30/2009, do 16 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias para a comercialización de cogomelos para uso alimentario*. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2009-1110
- Pilz, D. E Molina, R. (2002). *Commercial harvests of edible mushrooms from the forests of the Pacific Northwest United States: issues, management, and monitoring for sustainability*. Forest Ecology and Management 155 (2002) 3-16
- Proxecto MYAS RC. *Proyecto Regulación Y Comercialización de Los Recursos Micológicos De Castilla Y León*. <http://www.micocyl.es/>
- Proxecto MYAS. *Proyecto de cooperación interterritorial "Recursos micológicos y desarrollo rural"*.



- Simón Fernández, X. e Copena Rodríguez, D. 2012. *Enerxía eólica e aproveitamento do monte: O caso da CMVMC de Figueiras*. GIEEA. Vigo.

- Teruel (2004). *Ordenanza fiscal nº 26 reguladora del precio público por el aprovechamiento de setas, hongos y otras especies micológicas análogas en los montes públicos nº 71, 72, 73 y 74, en los montes propios del ayuntamiento y en todos aquellos montes privados en los que se haya cedido el aprovechamiento*. B.O.P. Teruel Número 150 do 9 de agosto de 2004.

- Teruel (2004). *Ordenanza fiscal nº 3 reguladora de aprovechamientos especiales en bienes patrimoniales propiedad del ayuntamiento de Ejulve. Ordenanza fiscal reguladora de la recogida de setas y hongos*. B.O.P. Teruel nº 249 do 31 de decembro de 2004.

- Voces, R.; Diaz-Balteiro, L. e Alfranca, O. (2012). *Demand for wild edible mushrooms. The case of Lactarius deliciosus in Barcelona (Spain)*. *Journal of Forest Economics* 18 (2012) 47–60.